



EXPEDIENTE: 2024/00025828E

PROCEDIMENTO: Procesos de selección de persoal

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE UXIER, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBGRUPO AGRUPACIÓN PROFESIONAL (AP), EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN. OFERTA DE EMPREGO 2020, RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Acordo do tribunal cualificador relativo ás solicitudes de adaptación de tempo presentadas

En virtude do disposto na normativa vixente sobre igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e analizada a solicitude de adaptación de tempo para a realización das probas selectivas, presentadas por unha das persoas que figuran na listaxe definitiva, publicada no BOP da Coruña do 7 de xuño de 2024, como aspirante admitido para participar no proceso selectivo para a cobertura de unha praza de uxier, escala de Administración Xeral, subgrupo agrupación profesional (AP), en quenda libre e mediante o sistema de oposición, incluída na oferta de emprego público do ano 2020, reservada a persoas con discapacidade.

Considerando os requisitos establecidos na base sexta, apartado 6.6 das Bases Xerais polas que se rexe este proceso selectivo (publicadas no BOP da Coruña do 30 de setembro de 2022) : "As persoas aspirantes da quenda libre ou de promoción interna que precisen adaptación de medios, e aquelas persoas aspirantes da cota de diversidade funcional que precisen adaptación de medios e/ou tempo adicional para a realización das probas selectivas, ademais de formular de forma expresa dita petición no apartado habilitado para o efecto na solicitude de admisión, deberán presentar, xunto a esta, escrito no que se especifique o tipo de adaptación que solicitan, así como certificado médico xustificativo da adaptación solicitada".

Revisadas as solicitudes de participación presentadas consta que só solicitou adaptación de tempo a seguinte persoa aspirante:

DNI/NIE	NOME E APELIDOS
***6739**	Xesús Manuel Ríos Pena

Tendo en conta o disposto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Aplicando a circular do concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local sobre aplicación da adaptación de medios e tempos en procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con diversidade funcional de data 25 de xuño de 2024.

O Tribunal, na sesión realizada o 25 de xuño de 2024, adoptou o seguinte ACORDO:



Denegar a adaptación de tempo solicitada, por non cumprir o requisito establecido no apartado 6.6 da base sexta das Bases Xerais polas que se rexe este proceso selectivo (publicadas no BOP da Coruña do 30 de setembro de 2022) de presentar certificado médico xustificativo da adaptación solicitada, á seguinte persoa aspirante:

DNI/NIE	NOME E APELIDOS
***6739**	Xesús Manuel Ríos Pena

En cumprimento do disposto na Base Sétima apartado 4 das referidas Bases Xerais procédese a publicación deste acordo relativo á adaptación de tempo e/ou medios antes da realización do primeiro exercicio da oposición.

A secretaria do tribunal